

PROGRAMACIÓN
Educación Física
1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º Educación
Primaria

CEIP PLURILINGÜE DE TOQUES
CURSO 2021-2022

ÍNDICE

1. <i>Introdución e contexto</i>	3
1.1 Características do alumnado	3
2. <i>Obxectivos</i>	5
2.1 Obxectivos xerais de Educación Primaria	5
3. <i>Competencias clave</i>	7
3.1. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave na área de Educación Física	9
4. <i>Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.</i>	13
5. <i>Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave</i>	13
6. <i>Materiais e recursos humanos, didácticos e ambientais</i>	16
7. <i>Avaliación</i>	17
7. 1 Procedemento para a avaliación inicial.....	19
7.2 Procedementos de avaliación continua e final.....	20
8. <i>Indicadores de logro para avaliar a práctica docente</i>	21
9. <i>Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensinanza - aprendizaxe</i> .22	
10. <i>Atención a diversidade</i>	23
11. <i>Actividades complementarias e extra-escolares.</i>	27

1. Introducción e contexto

O CEIP Plurilingüe de Toques atópase situado no concello rural de Toques, pertencente á provincia de A Coruña enmarcado na comarca Terra de Melide. O concello ten unha extensión de 77,93 km² e está conformado por 10 parroquias, presentando deste xeito unha poboación moi dispersa.

O centro dá cabida polo tanto a todo o alumnado pertencente as etapas de educación infantil e primaria da totalidade do concello. É un concello no que predomina principalmente o sector primario.

A realidade educativa do concello está conformada unicamente por este colexio de educación infantil e primaria. Non hai centro de estudos de educación secundaria, polo que o centro está adscrito ao “IES de Melide”, no concello limítrofe de Melide. Toques presenta na súa contorna un gran patrimonio cultural. Cabe destacar o seu emprazamento nunha variante do Camiño de Santiago, “O camiño Primitivo” que continua ata Melide e conflúe co “Camiño Francés”. Este feito sumase xunto co seu grande patrimonio cultural e arquitectónico xa que son abundantes os castros celtas e monumentos megalíticos existentes no centro, así como a presenza de construcións románicas.

En canto ao acceso as novas tecnoloxías, aínda son moitos os alumnos/as que presentan dificultades para o acceso de este tipo de recursos.

En resumidas contas, trátase dun centro onde impera en xeral unha boa convivencia, e no que ata o de agora non se presentaron nin detectaron problemáticas graves.

Neste curso académico, hai matriculados 47 discentes, divididos en 3 unidades (1 para Infantil cun desdobre e 2 para Primaria).

1.1 Características do alumnado

O alumnado atopase agrupado na aula formando un grupo mixto de 3 niveis educativos, constituíndo deste xeito un grupo heteroxéneo, con diferentes capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe.

O alumnado está en idades comprendidas entre os 9 e os 12 anos, dos cales son 6 alumnas/os de 4º de primaria, 4 alumnas/os de 5º de primaria e 4 alumnas/os de 6º de primaria.

Se temos en conta que o desenvolvemento "*é o proceso que permite ao individuo desenvolver a súa intelixencia e coñecer o mundo que o rodea, comprendendo cambios ao longo da súa vida*", en **EF** (co obxectivo dun desenvolvemento integral) debemos abarcar os diferentes ámbitos do mesmo: cognoscitivo (intelixencia, pensamento), afectivo (emocións, sentimentos), social (relacións) e motor (motricidade), o que se corresponde coas **características psicoevolutivas**.

Con respecto ao ámbito cognitivo, seguindo a Jean Piaget os nenos/as deste grupo atópanse no estadio das operacións concretas (7-12 anos). A mosan disposición para aprender, sendo capaces de resolver problemas, posúen capacidade de conservación e usan símbolos dun modo lóxico.

No ámbito motriz, seguindo a Bize atópanse na idade de ouro para a adquisición de habilidades e para Sánchez Bañuelos atópanse na fase de desenvolvemento das **habilidades motrices destacando que o alumnado de 6º xa comeza na de tarefas motrices específicas**. A mosan plena maduración do sistema nervioso, así como endurecemento dos ósos. Con respecto ao aparato respiratorio e circulatorio desenvólvense progresivamente, polo que responden mellor aos esforzos. Ademais amosan mellor organización e estruturación espazo- temporal, toman mellor conciencia do propio corpo e controlan os desprazamentos, situando esquerda e dereita nos demais, así como orientándose con respecto aos obxectos. Tamén son capaces de manter o coidado básico do corpo, e de establecer medidas de seguridade fundamentais na práctica.

Por último, nos ámbitos social e afectivo, seguindo a Erik H. Erikson, repercute considerablemente sobre os xogos o aumento do rendemento e da competitividade, así como unha maior obediencia nas regras establecidas. En xeral os nenos/as estas idades reflexionan, deducen e analizan todo tipo de información que lles chega. Chámalles a atención o mundo exterior e diminúen as súas creacións imaxinarias fronte ao incremento das realistas. Teñen sentido de xustiza e de responsabilidade, amosando extremada sensibilidade. Con respecto a sociabilidade, seguen evolucionando amosando interese pola súa clase (aparecen as relacións de amizade íntimas), gústalles colaborar, pero con maior interese

propio, e participan na comparación de aptitudes. Tamén aparece a curiosidade sexual e os sentimentos.

O papel do mestre/a resulta cada vez máis importante, xa que a estas idades non só xiran en torno ao éxito, se non que poden darse situacións de fracaso, polo que se debe evitar os sentimentos de inferioridade, rexeitamento polo práctica, falta de iniciativa, etc (Erik H. Erikson).

2. Obxectivos

2.1 Obxectivos xerais de Educación Primaria

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuizos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

3. Competencias clave

A incorporación de competencias clave ao currículo permite poñer o acento naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles desde unha posición integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos. A **Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)**, identifica 7 competencias, recollidas no **Decreto 105/2014, do 4 de setembro, que establece o currículo para Educación Primaria en Galicia**.

- **Comunicación Lingüística (CL)**

Reforza a capacidade de traballar en equipo: o diálogo, a resolución pacífica de conflitos, a aceptación de puntos de vista alleos á hora de utilizar estratexias persoais de resolución de problemas, ser tolerante e respectar as opinións de compañeiros/as.

- **Competencia Matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)**

Estas áreas estimularán a competencia matemática na medida en que o alumnado se enfrente a situacións cotiás a través da observación, experimentación e desenvolvemento de proxectos e traballos que precisen o uso de técnicas adecuadas para calcular, aplicar estratexias de resolución de problemas, estimar a lóxica e validez das argumentacións e reflexionar sobre estas, apoiar explicacións e presentar informacións na linguaxe matemática.

- **Comunicación Lingüística (CCL)**

Desde estas áreas contribúese ao aumento significativo da riqueza en vocabulario específico que implicará, ademais, claridade nas exposicións, rigor no emprego dos termos, estruturación do discurso, síntese...etc.

- **Competencia dixital (CD)**

Son numerosos os recursos que existen na rede que contribúen ao desenvolvemento destas áreas: espazo Abalar, visionado de vídeos explicativos, apps ou aplicacións didácticas entre outros.

Debemos conseguir que o alumnado dispoña de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para poder transformala en coñecemento, cunha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando fora necesario, e respectando as normas de conducta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes en distintos soportes.

- **Competencia para aprender a aprender (CAA)**

Tamén a competencia para aprender a aprender é susceptible de desenvolvemento en todos os bloques desta área, deseñando tarefas para que o alumnado aprenda a contrastar e seleccionar información apropiada segundo os obxectivos programados, a tentar distintas estratexias para resolver problemas, a planificar proxectos, etc. Ao final da etapa o alumnado debería ser capaz de planificar e desenvolver proxectos e investigacións acordes co seu nivel, sendo cada vez máis consciente das súas propias capacidades para identificar os posibles obstáculos, buscar os recursos apropiados e por último autoavaliar os seus logros para corrixir os erros de aprender deles.

- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

Podemos favorecer a iniciativa e o espírito emprendedor dende todos os bloques das distintas áreas mediante a planificación de tarefas enfocadas cara o fomento da responsabilidade, a toma de decisións e a resolución de problemas entre outras. Na elaboración e desenvolvemento de proxectos (tanto individuais como en grupo) o alumnado pode transformar as ideas en accións, explorar, tomar camiños equivocados e buscar solucións.

- **Conciencia e expresións culturais (CCEC)**

Supon coñecer, comprender e apreciar con espírito crítico, con actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas e empregalas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos. Require coñecementos que permitan acceder as distintas manifestacións sobre a herencia cultural, a concreción da cultura en diferentes autores e obras, así como xéneros e estilos.

3.1. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave na área de Educación Física

A finalidade de primaria é garantir unha formación integral, e en **EF** contribúese á devandita formación traballando a **competencia motriz**, "*un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e sentimentos que interveñen nas múltiples interaccións que realiza un individuo no seu medio e cos demais e que permite que o alumnado supere os diferentes problemas motrices propostos tanto nas sesión de Educación física como na súa vida cotiá (...)*" (anexo II do **Decreto 105/2014**).

Na área de Educación Física incidiremos na adquisición de todas as competencias de xeito global e sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

-Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: contribúese ao desenvolvemento da primeira con actividades que implican un razoamento matemático, como a interpretación de planos, a suma de puntuacións, a apreciación de distancias traxectorias, a localización de obxectos, as estimacións de tempo... Traballamos a competencia en ciencia e tecnoloxía coas actividades situadas no medio natural e as relacionadas coa mellora da saúde e da calidade de vida.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- ✓ Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.

- ✓ Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sustentable.
- ✓ Respetar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.
- ✓ Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- ✓ Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.

-Competencia en comunicación lingüística: usando a linguaxe como elemento de comunicación ou a adquisición do vocabulario propio referido a deportes, xogos, corpo ou problemáticas. Trabállase de forma continua debido ás múltiples situacións comunicativas, principalmente orais, que requiren os xogos e as actividades nas clases.

Os descritores que utilizaremos serán:

- ✓ Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta do interlocutor...
- ✓ Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.
- ✓ Captar o sentido de expresións orais: ordes, explicacións, indicacións...

-Competencia dixital

Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilízalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento. Desde esta área faise necesario o manexo de ferramentas dixitais para a adquisición de información transformándoa en coñecemento. Uso das tecnoloxías para buscar, seleccionar e procesar información. Como por exemplo, buscar información acerca de contidos sobre xogos populares, xogos alternativos ou xogos do mundo. A través das representacións e imitacións nas fases de animación e volta á calma a través de

ioga ou técnica da tartaruga. En definitiva, emprego de aplicacións informáticas para a realización de actividade física e busca de información valorando de xeito crítico o proceso a través das TIC.

Na área de Educación Física destacamos os seguintes descritores:

- ✓ Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- ✓ Empregar distintas fontes para a busca de información.
- ✓ Manexar ferramentas dixitais para a construción do coñecemento.
- ✓ Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

-Conciencia e expresións culturais: permitirá apreciar a parte artística dos movementos (en coreografías, bailes...), creatividade e imaxinación. Valorar a liberdade de expresión de ideas. A educación física achégase a esta competencia ao situar o foco na parte artística de certas execucións motrices, así como entendendo algunhas manifestacións da motricidade humana como feitos culturais presentes en todas as culturas e civilizacións.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- ✓ Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- ✓ Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.

-Competencias sociais e cívicas: mediante a práctica de certas actividades físicas póñense en xogo diversas estratexias de colaboración, oposición, integración, respecto, xogo limpo, solidariedade, etc. A educación física conciencia e axuda a ter en conta ás demais persoas nas actividades propostas: compartir éxito e fracaso.

- ✓ *Educación en valores:* aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

- ✓ Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- ✓ Involucrarse e promover accións cun fin social.
- ✓ Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- ✓ Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo para resolver conflitos.

-Sentido de iniciativa e espírito emprendedo: adquisición de responsabilidades en educación física necesarias para a vida diaria, coñecerse a si mesmo, mellorar control emocional e perseveranza. Tamén aptitudes como creatividade, autonomía, iniciativa, confianza nun mesmo ou sentido crítico. As habilidades sociais para relacionarse, cooperar coas demais persoas e traballar en equipo contribúen a alcanzar esta competencia.

Neste caso, os descritores que se van adestrar son:

- ✓ Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- ✓ Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- ✓ Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- ✓ Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
- ✓ Amosar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

-Aprender a aprender: supón dispoñer de habilidades para iniciarse no aprendizaxe e ser capaz de aprender ao longo da vida, tomando conciencia das propias capacidades. Esta competencia trabállase ao longo do curso onde os nenos e nenas tentan comprender e concienciarse sobre as problemáticas que afectan ao seu futuro. A primeira toma de contacto ten lugar dun xeito guiado e progresa cara unha práctica autónoma. O alumnado debe ser quen, ademais, de avaliar o seu

propio traballo e asesorarse de ser preciso. A competencia de aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser quen de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo con aquilo que consideramos. Nesta área vese a necesidade de traballar de forma explícita a confianza nun mesmo para poder traballar cos outros e o gusto por aprender.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia son:

- ✓ *Intelixencias múltiples*: desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- ✓ Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- ✓ Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- ✓ Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- ✓ Planificar os recursos necesarios e os pasos que se van realizar no proceso de aprendizaxe.

4. Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.

- ✓ Cadros adxuntos para cada materia.

Estas táboas son abertas, flexibles e están suxeitas a cambios atendendo ás necesidades que poidan ir xurdindo ao longo do curso no alumnado e ao ritmo de aprendizaxe do mesmo.

5. Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave.

A actual lei educativa establece que a metodoloxía debe ser global e activa, durante

as sesións de **EF** daráselle especial importancia ao **xogo**, entendido como un excelente recurso metodolóxico.

Tal e como establece o artigo 15 do **Decreto 105/2014**, débense ter en conta unha serie de principios metodolóxicos: a **atención á diversidade** do alumnado, procurando unha atención personalizada e poñendo en práctica os mecanismos de reforzo cando se detecten dificultades; empregar unha **metodoloxía didáctica comunicativa, inclusiva, activa e participativa**, dirixida ao logro de obxectivos e das competencias clave; para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse **actividades de aprendizaxe integradas** que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Tamén, no Anexo II de citado decreto, enuméranse unha serie de **orientacións metodolóxicas** que debemos ter en conta en **EF**: enfocarse todas as unidades dende unha perspectiva **lúdica**, buscando sempre a consecución dos obxectivos e competencias clave a través do **xogo**; fomentar o **traballo cooperativo** para favorecer a inclusión do alumnado (a nosa área vai resultar clave para integrar ao alumnado con NEAE), un bo exemplo co puzzle de Aronson; deseñar e elaborar **diferentes materiais** adaptados aos distintos niveis e ritmo de aprendizaxe, para atender a diversidade do alumnado. Na variación de contidos e propostas terase en conta as TIC; para estimular a autonomía e creatividade primarán estilos de ensinanza de busca, como **descubrimento guiado** e **resolución de problemas**, sen deixar de lado **mando directo** coa estrutura de traballo proposta por Cagigal: "*explicación, demostración, execución e avaliación*"; por último **coordinación** e contacto tanto co resto de docentes como coas familias.

A maiores do sinalado e, en base ás características, tanto da actual consideración pedagóxica como da presente programación, a nivel competencial cabe sinalar as relacións coas orientacións recollidas no Anexo II da **Orde ECD/65/2015**: **motivar e despertar curiosidade** do alumnado, aprendizaxe **cooperativo e traballo por proxectos**, **elaboración e deseño de material** e **coordinación** docente (coordinación con educación artística para o deseño de material) e integración das **TIC**.

A nivel metodolóxico cabe citar tamén as **decisións** do mestre, que segundo Muska

Mosston son proactivas (obxectivos, contidos e competencias que vamos traballar), activas (desenvolvemento das sesións/xogos) e postactivas (inclúe o feedback e a parte da avaliación). Con respecto aos **estilos**, a pesar de que se pretende que primen os de *busca*, empregaranse distintos estilos de ensinanza: estilos tradicionais, estilos que fomenten a individualización, que posibiliten a participación do alumnado, que propicien a sociabilidade, cognoscitivos e creativos (Delgado Noguera). Estilos tradicionais como o mando directo modificado ou a asignación de tarefas, co fin de manter o control da clase en todo momento. Tamén se bota man de estilos que posibilitan a participación do alumnado co fin de favorecer a autonomía, responsabilidade e avanzar a nivel social, afectivo e cognitivo: ensinanza recíproca e especialmente **microensinanza**, o cal se emprega moito ao longo do curso, ao considerar ao alumnado como centro da aprendizaxe (preámbulo da lei) con varios fins: incrementar o tempo real de práctica ao organizar equipos de traballo que serán para todo o curso e incrementar a motivación e espertar a curiosidade do alumnado a través de gran variedade de tarefas xogadas en grupo, facéndolle ver a importancia de gardar a quenda e respectar aos demais. E os máis destacables son o descubrimento guiado e a resolución de problemas, cos cales estimulamos a creatividade e a indagación do noso alumnado.

Tendo en conta a forma de impartir as sesións, non se pode deixar de lado o **modelo de sesión** máis axeitado, neste caso elíxese o modelo de sesión de Santos Berrocal: fase de información, fase de animación, logro de obxectivos, volta á calma e fase de análise de resultados. De todos xeitos poida que en certas sesións se vexa alterado este modelo debido en gran medida ao tempo que se perde nos desprazamentos.

Outro aspecto a nivel metodolóxico a ter en conta son os **agrupamentos** do alumnado, os cales variarán pasando a ser por parellas, grupos ou masivos (sempre mixtos e flexibles seguindo Orde do 22 de xullo de 1997), e en moitas ocasións de acordo con equipos de traballo onde asumen roles concretos mediante o traballo cooperativo (**portavoz** que transmite mensaxes en nome do grupo, **secretario** toma notas, fai preguntas..., **axudante** responsable do tempo e releva ao portavoz en caso de ausencia e **responsable do material** responsable de coidar e velar polo material).

Tamén destacan os diferentes **canais** de transmisión da información: canal auditivo (en xeral), visual (en moitas ocasións a través de pictogramas), xestual e kinestésico táctil. A **posición do mestre** varía, pasando a ser externa en moitas das explicacións, a interna nos xogos e mesmo focal nos momentos de interacción e apoio ao alumnado, máis en concreto a alumnado con NEAE. Tendo en conta este alumnado destácase tamén o **feedback** que pode ser continuo (durante un xogo) ou retardado (ao rematar) e as **tarefas** de reforzo ou ampliación.

Búscase a **innovación**, polo tanto empréganse diferentes metodoloxías innovadoras: Aula Invertida, Just in Time Teacher, Visual Thinking, traballo colaborativo, etc.

Para lograr un axeitado desenvolvemento integral dos alumnos e alumnas, en Educación Física deben primar as **estratexias** globais.

6. Materiais e recursos humanos, didácticos e ambientais

Nos últimos tempos os recursos resultan imprescindibles para o logro de obxectivos, contidos, criterios ou estándares, sendo *"un conxunto de elementos, útiles ou estratexias que o docente emprega na súa tarefa docente"* (Díaz Lucea). Nesta programación destacamos os seguintes: **recursos humanos**: aquelas persoas que colaboran no proceso de ensinanza da área de Educación Física: alumnado, mestres/as, orientadora, directora, familias...; **recursos didácticos**: aquel material que empregamos nas diferentes sesións, ben sexa impreso, audiovisual... Como exemplo destacamos pictogramas, material informático, etc.; **recursos ambientais**: destacamos a instalación e mobiliario: ximnasio, patio, mesas, cadeiras...

Se afondamos máis no material propio de **EF**, e seguindo o MEC (Ministerio de Educación Cultura e Deporte) e a Díaz Lucea, emprégase material convencional, non convencional, convencional usado de xeito non convencional, funxible e auxiliar.

En canto aos materiais deben ter os seguintes requisitos:

- Unhas boas características dende o punto de vista material e dende o punto de vista pedagóxico, ademais de estar sempre accesibles.
- Deben servir de intermediarios a hora de formar.
- Desenvolveran a imaxinación e creatividade do alumnado.

- Estimular os sentidos, permitir a relación cos demais e invitar a manipulación e experimentación.

Con todo tipo de material e recurso debemos ter en conta que ten que garantir a seguridade do alumnado (control de continxencias), polo que debe cumprir coa **Normativa Europea de Seguridade** e coa **Normativa sobre Instalacións Deportivas e para o Esparcemento (NIDE)**.

7. Avaliación

Seguiremos a seguinte lexislación, así como calquera outra anterior ou posterior que sexa aplicable:

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria.
- A Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

Á hora de avaliar atenderase a tres elementos cruciais: adquisición dos **elementos do currículo** por parte do alumnado, **práctica docente** e **proceso de ensinanza**. Ambos dando resposta a tres preguntas clave: **que, como** e **cando** avaliar?.

Para avaliar os elementos do currículo, dando resposta á pregunta *que avaliar?*, faise a través dos referentes para valorar a adquisición das competencias e logro de obxectivos: **criterios de avaliación** e **estándares de aprendizaxe**, recollidos no Anexo II do **Decreto 105/2014**, tal e como sinala a **Orde do 9 de xuño de 2016**, de avaliación. *Como avaliar?*: de modo criterial (mediante avaliación subxectiva por medio de procedementos de observación directa e indirecta seguindo a Domingo Blázquez), xa que o alumnado é o centro de aprendizaxe, e a través de diferentes

instrumentos como **rúbricas**, nas que se establecen indicadores de logro (tal e como recomenda a Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro) cos seus correspondentes niveis de consolidación. Outros instrumentos son unha **lista de control** (xeral en base ao saber ser), **rexistros anecdóticos e escalas de autoavaliación** (validadas en base resultados da lista de control xeral). En concreto en cada sesión con rexistros e listas de control que servirán para recoller a información máis significativa e logo complementar ao final da UD. Así, ao final de cada UD emprégase a autoavaliación (seguindo recomendacións da Orde ECD/65/2015) co fin de que o alumnado se sinta partícipe no proceso de avaliación, a través da escala de autoavaliación que pondera o **20%** en base ao saber ser (xeral para todas as UD) e unha rúbrica cun **80%** en base aos saber ser, saber dicir e saber facer na cal se presta especial atención ao compoñente motriz. En todo momento a través de estándares que operativizan na avaliación. Con respecto á pregunta: *cando avaliar?*, ao principio de curso realizarase unha avaliación inicial coa finalidade de diagnosticar e identificar intereses ou necesidades do alumnado (Bloom). Durante o desenvolvemento das sesións realízase unha avaliación continua (**progresiva**), a través dos rexistros anecdóticos, que permitirá comprobar se o proceso transcorre como se espera ou require corrixir posibles erros e reconducir se é preciso o proceso (Scriven). Finalmente realizarase unha avaliación coa finalidade de certificar todo o proceso (**sumativa**) a partir das escalas e rúbricas. Na práctica docente avalíanse as explicacións, vocabulario, mecanismos de reforzo e ampliación (variantes), apoios (en concreto NEAE), dando resposta á pregunta que avaliar. Para facelo (*como?*) empréganse **cuestionarios** (para mestre e alumnado) e **dianas de avaliación** para alumnado. *Cando se fai?*: en todo momento ao longo do curso, en cada unidade a través de dianas e con cuestionarios trimestrais.

Para rematar, *que se avalía no proceso de ensinanza?*: a programación, metodoloxía, organización, clima, coordinación docente, elementos non preescriptivos. *Como?*: a través dunha **escala de valoración** trimestral e **diarios**. Por último destácase a **avaliación da propia programación**, de xeito que con todos os datos obtidos pódese avaliar a propia avaliación da presente programación.

7. 1 Procedemento para a avaliación inicial

Como primeiro paso analizaranse as actas finais do curso anterior do grupo de alumnos/as que temos, así como os informes individualizados dos mesmos. Se o titor do curso anterior permanece no centro farase unha recollida de información dos alumnos en cuestión.

Ao comezo do curso, na primeira quincena de Setembro, faranse probas para avaliar o estado dos coñecementos nesta materia do alumnado e marcarnos así o punto de partida do noso traballo. Debemos ter a seguinte información:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar no nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.
- Os instrumentos de avaliación serán fundamentalmente probas, observación do traballo na aula, participación en debates,... A información desta avaliación inicial transmitirase ás familias a través das titorías individualizadas e orientará o traballo do mestre/a, do alumno e da colaboración e participación das familias no proceso de ensino aprendizaxe do seu fillo/a.

Recollidos os datos da avaliación inicial determinaranse aqueles estándares que requiran dun tratamento máis intenso de cara a garantir un aproveitamento axeitado do curso.

- Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos alumnos/as; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou individualización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe (débese ter en conta aquel alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar (planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

7.2 Procedementos de avaliación continua e final

PROCEDEMENTO	INSTRUMENTO AVALIACIÓN
Observación directa	-Rexistro anecdótico
Observación indirecta	-Listas de control -Escalas -Rúbricas

CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

Os **criterios de calificación** parten dos mínimos esixibles polo mestre ao principio de curso, onde destacan *respecto polas regras establecidas, non discriminación, xogo limpo ou asistir con roupa axeitada a cada sesión.*

Serán respecto ao tanto por cento do que se alcance nas escalas e rúbricas de cada UD. De xeito que o 100% é o máximo (10 puntos), e o **mínimo para a calificación positiva** sería un 10% na escala e un 40% na rúbrica. Logo súmase cada UD e determínase unha nota media trimestral. Finalmente súmanse as notas dos trimestres e obtense a final.

8. Indicadores de logro para avaliar a práctica docente

Na práctica docente aválanse as explicacións, vocabulario, mecanismos de reforzo e ampliación (variantes), apoios (en concreto NEAE), dando resposta á pregunta que avaliar. Para facelo (*como?*) empréganse **cuestionarios** (para mestre e alumnado) e **dianas de avaliación** para alumnado. *Cando se fai?*: en todo momento ao longo do curso, en cada unidade a través de dianas e con cuestionarios trimestrais. A continuación preséntase un exemplo:

	MAL	REGULAR	BEN	EXCELENTE
1. Como norma xeral, fanse as explicacións xerais para todo o alumnado				
2. Ofrécense a cada neno/a as explicacións individualizadas que precisa				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE				
5. Empréganse diferentes estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar				

9. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensinanza - aprendizaxe

A valoración da programación didáctica será indispensable, para analizar a consecución dos obxectivos así como facer os cambios necesarios segundo as necesidades que se vaian atopando ao longo do curso.

Valoraremos a adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación á realidade do alumnado.

Comprobaremos se as avaliacións das materias inclúen o grao de desenvolvemento das competencias básicas, se a metodoloxía empregada é coherente cos obxectivos marcados, se se aplicaron as medidas de atención á diversidade de forma axeitada e se as aprendizaxes do alumnado se axustan as previsións iniciais.

A ferramenta que empregaremos para valorar todos estes aspectos será a seguinte táboa:

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA - APRENDIZAXE	MB	B	R	A MELLORAR
PROGRAMACIÓN				
As actividades son adecuadas ás características do alumnado.				
Os contidos seguen unha organización de complexidade crecente.				
As unidades réxense por unha temporalización lóxica.				
As tarefas axústase ao desenvolvemento dos contidos.				
METODOLOXÍA				
A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado.				
É válida a nosa metodoloxía para alcanzar os estándares.				
A información da avaliación inicial é suficiente, clara e precisa.				
As estratexias son adecuadas para asimilar o que se realiza.				
A motivación é adecuada para a execución das tarefas.				
Os reforzos positivos que se dan son máis ca os negativos				
ORGANIZACIÓN				

A actitude do mestre é adecuada tanto na busca de información inicial como no coñecemento de resultados.				
A organización de grupos facilita o desenvolvemento do proceso de E-A				
A organización adáptase ás necesidades específicas e recursos.				
O tempo real de clase aprovéitase de forma efectiva.				
A organización permite a individualización en función dos recursos.				
As medidas de atención a diversidade axústanse ás necesidades do alumnado en función dos recursos.				
CLIMA DE TRABALLO				
O clima socio/afectivo é adecuado entre mestre e grupo.				
A relación entre o alumnado é positiva				
COORDINACIÓN				
Entre o profesorado do nivel				
Entre o profesorado do centro				
Familia – escola				

10. Atención a diversidade

O profesorado debemos atender a diversidade que está presente nas nosas aulas. O alumnado convive con diferentes intereses, motivacións, necesidades e habilidades. Isto marca que a planificación desta programación sexa aberta e flexible, fomentando variedade e permitindo realizar os cambios necesarios atendendo as necesidades puntuais que teña o alumnado. Hai previsión de alumnado NEAE, que durante este curso será realizado principalmente polo profesorado titor e especialista, dada a non existencia de especialista en PT. Todo isto levarase a cabo tomando diferentes medidas:

- **Na planificación:** todos os contidos que serán expostos ao longo das unidades serán presentados en orden ascendente, dende o máis básico ata o máis avanzado, para que desta maneira os conceptos sexan mellor asimilados e adquiridos polo alumnado, respectando os ritmos de cada individuo. Esta programación esta

baseada nos obxectivos e contidos, establecidos pola actual lexislación, LOMCE, que deberán ser adquiridos polo alumnado, e para este fin realizaranse as actividades de reforzo ou adaptacións que sexan necesarias.

- **Na metodoloxía:** as actividades serán seleccionadas e organizadas tendo sempre en mente as características individuais do noso alumnado. O alumnado non é homoxéneo, presentando distintas habilidades e intelixencias, se atendemos á Teoría das Intelixencias Múltiples de Howard Gardner, polo que as actividades buscarán o desenvolvemento de cada unha delas.

- **Adaptacións curriculares:** finalmente, en canto as adaptacións curriculares, levaranse a cabo as seguintes, seguindo os criterios oportunos:

- a) Estudantes con altas capacidades: realizaranse actividades de extensión dos contidos, adaptados as súas necesidades, coa finalidade de desenrolar todo o seu potencial.
- b) Estudantes con necesidades educativas especiais: implantación de metodoloxías e actividades alternativas, adaptando os contidos e/ou as tarefas realizadas na aula e poñendo especial fincapé sempre na integración social.

- **Alumnado con necesidades educacivas especiais**

Dende o punto propiamente académico, poden establecerse dúas vías de atención:

Atención ordinaria

Esta medida de atención á diversidade pode concretarse en:

- **Reforzo educativo sen apoio:** Son medidas que o propio mestre deseña e aplica con aqueles alumnos que teñen unhas certas dificultades de seguimento da programación diaria (traballos específicos de recuperación, traballos de ampliación...)
- **Reforzo educativo con apoio:** Son medidas que contemplan o apoio temporal dun mestre especialista en dificultades de aprendizaxe. Para este tipo de atención será necesario que así o aconselle un informe psicopedagóxico realizado polo departamento de orientación.

Atención extraordinaria:

- **Adaptación Curricular individualizada (ACI).** Esta medida seguirá o proceso contemplado na orde do DOG do 6 de agosto de 1996, pola que se regula o proceso de elaboración das mesmas.

As medidas de atención a diversidade aparecen reflectidas no Plan de Atención a diversidade así coma os criterios e propostas de intervención que especificamos a continuación.

A aula onde o alumno/a está escolarizado/a será o referente para deseñar as medidas de resposta educativa para os alumnos/as con necesidades educativas. Os reforzos educativos individualizados realizaranse fóra da aula cando se cumpran os seguintes requisitos:

- Necesidades educativas do alumno/a moi diferenciadas ás que presentan os seus compañeiros/as do grupo.
- Realización de actividades que polos recursos e metodoloxía que se van a empregar distorsionarían a marcha xeral da clase.
- Agrupación de alumnas/os que pertencen a diversos grupos.
- Alumnas/os con dificultades de aprendizaxe.

Criterios para a súa atención:

- Dar prioridade aos alumnos/as con necesidades educativas específicas, sobre todo os que precisan ACI ou teñen informe de avaliación que así o xustifica.
- Prestar atención aos alumnos/as con dificultade de aprendizaxe que precisan RE coa seguinte prioridade.
- Alumnos que non acadan os obxectivos e xa non poden permanecer máis tempo no nivel.
- Alumnos/as que comezan a súa escolarización en E. Primaria e presentan n.e.a.e.

- Alumnos/as que promocionan ao curso seguinte con avaliación Insuficiente e Reforzo Educativo pero teñen aída un ano máis para permanecer na etapa de Educación Primaria.
- Alumnos procedentes do estranxeiro ou doutros centros aos que se lle detectan n.e.a.e. como resultado da avaliación inicial.
- Alumnos/as avaliados con Insuficiente dentro do curso.
- Alumnos/as que sempre foran avaliados con Suficiente, pero que atravesan un momento difícil na súa aprendizaxe e precisan apoio puntual para recibir RE.
- Resto dos alumnos/as.

OS apoios faranse preferentemente nas aulas ordinarias.

A organización dos apoios será aberta, flexible e suxeita a modificacións ao longo do curso.

Os alumnos/as de reforzo educativo que non necesiten un apoio especializado recibirán apoio por parte de mestres/as do mesmo curso ou etapa de Educación Primaria, dentro da aula nas áreas de matemáticas e lingua.

- Alumnado inmigrante que descoñece a/os idioma/as oficiais ou alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.

Proposta curricular	Profesorado implicado
Aprendizaxe do castelán/galego. Na fase inicial de escolarización acentuarase a atención individualizada para posibilitar a aprendizaxe da lingua. Con respecto á proposta curricular adoptarase as mesmas medidas que co resto dos alumnos/as.	Titor e profesorado do centro. A especialista de Audición e Linguaxe asesorará ao profesorado do ciclo na elaboración do programa así como nos materiais didácticos máis convenientes para favorecer a aprendizaxe das linguas oficiais.

- Alumnos/as con problemas emotivo-relacionais e/ou de conduta.

Resposta educativa	Profesionais implicados
Resposta educativa na aula. Programa de intervención específico para responder ás necesidades que presenta o alumno/a No programa de intervención deseñaranse medidas de convivencia con todo o grupo de alumnos/as para potenciar as respostas adaptativas dos alumnos/as Intensificación de reunións coordinación coas familias.	Titor/a co asesoramento do Xefe de Departamento de Orientación e/ou EOE. Coordinación con servizos externos ao centro escolar.

- PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO EDUCATIVO.

O alumnado repetidor, o alumnado con áreas pendentes do curso anterior e o alumnado que non supere algunha das áreas propias do ciclo no que está matriculado será atendido de acordo á lexislación vixente e aos plans e protocolos que estableza esta consellería para a súa atención.

11. Actividades complementarias e extra-escolares.

No centro desenvolveranse cada curso actividades complementarias e extra-escolares co obxectivo de complementar, reforzar ou ampliar os contidos traballados na aula. A participación en plans e proxectos da Consellería de Educación é unha actividade prioritaria no centro, así como o desenvolvemento ao longo do curso escolar en todos os niveis educativos dun PDI (Proxecto Documental Integrado) relacionado coa volta ao mundo e as diferentes culturas que nos rodean. Toda esta información está recollida na PXA e no PLAN ANUAL DE LECTURA.

ADDENDA: Adaptación ao contexto COVID

Curso 2021-2022

ÍNDICE

1. **Adaptacións necesarias á docencia non presencial**
 - I. **Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena.**
 - II. **Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais nunha aula ou no centro.**
2. **Revisión do desenvolvemento da addenda para as programacións 21-22**

1. Adaptacións necesarias á docencia non presencial

I. Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena.

O alumnado que se atope temporalmente en situación de corentena, sempre que o seu estado de saúde o permita, continuará coa súa formación no seu domicilio empregando a teledocencia para a súa formación.

A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas institucionais tales como as aulas virtuais moodle, plataforma EVA, Webex, etc. O profesorado realizará o seguimento do alumnado, impartirá os contidos da materia de xeito virtual e poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

A atención ao alumnado que deba permanecer en illamento, mesmo cando non se produza o peche ou confinamento da aula ou centro, responderá ao previsto con carácter xeral no artigo 25 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación así como no apartado 3 do Protocolo de atención educativa domiciliaria.

Para aquel alumnado que, por motivos de saúde, non poida asistir ao centro educativo por un período de tempo continuado menor ao requirido para a solicitude de atención

